

BASES CONCURSO DE DECORACIÓN DO ENTROIDO 2015

O Concello do Grove, a través da Concellería de Comercio e Mercados, en colaboración coa Concellería de Cultura e Terceira Idade, organiza o Concurso de Decoración do Entroido 2015.

Primeira. Tema

O tema deberá estar relacionado co Entroido, podendo combínalo cos produtos propios do establecemento. Valoraranse, ademais, aspectos como: orixinalidade, iluminación, tradición, exposición dos produtos, acabado...

Segunda. Datás de exposición

As datás de exposición serán as comprendidas entre o xoves 12 e o domingo 22 de febreiro de 2015, ambos incluídos.

Terceira. Desenvolvemento

Poderán concursar todos os establecementos comerciais do concello do Grove. Establécense unicamente dúas categorías:

- a) Comercio (calquera que sexa a súa actividade)
- b) Hostalería e restauración (hoteles, restaurantes, bares, cafés, discotecas, pubs...)

Cuarta. Inscripción e prazos

A inscrición é gratuíta. Para participaren, os establecementos interesados só terán que cubrir e facerlle chegar ao Concello a folia de inscrición neste concurso, que estará á súa disposición no Rexistro do Concello (edificio administrativo), na páxina web municipal, ou no sitio Facebook do Entroido do Grove 2014. O prazo para inscribirse remata o martes 10 de febreiro ás 14.00 h, de se presentar a solicitude de inscrición a través do Rexistro, ou ás 22.00 h dese mesmo día, no caso de envíala por correo electrónico ao seguinte enderezo: casadacultura@concellodogrove.es.

Quinta. Xurado

O xurado estará composto pola concelleira de Comercio e Mercados e polo concelleiro de Cultura e Terceira Idade, así como por comerciantes da localidade que non se presenten ao concurso.

O xurado poderá visitar e facer a valoración do establecemento en calquera data comprendida entre o xoves 12 e o xoves 19 de febreiro. Calquera establecemento inscrito que non estea decorado entre estas datás quedará automaticamente eliminado.

A decisión do xurado será inapelable.

Sexta. Premios

Haberá un único premio por categoría:

- 200 euros para o gañador de Comercio e
- 200 euros para o gañador de Hostalería e restauración

Os premios entregaranse o venres 20 de febreiro ás 20.00 h na Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey, coincidindo co velorio de dona Sardiña Meca.

Sétima

Calquera aspecto non contemplado nestas bases pode ser modificado polo Concello, en beneficio do bo funcionamento do concurso. A mera participación neste concurso leva consigo a aceptación das presentes bases.